

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Deportes

Aprobación das bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a actividades deportivas en réxime de concorrencia competitiva 2023

ANUNCIO

O Pleno da Corporación Municipal na sesión ordinaria de data vinte e tres de febreiro de dous mil vinte e tres aprobou as bases reguladoras da concesión de bolsas para deportistas en réxime de concorrencia competitiva.

De conformidade co artigo 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, contra dito acordo poderase interpor recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS MEDIANTE CONCORRENCIA COMPETITIVA.

1. Finalidade e obxecto

O obxecto desta convocatoria vén a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atópase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

A finalidade destas bases e da convocatoria correspondente é a promoción e fomento do deporte, subvencionando actividades realizadas no Concello de Arteixo, coa finalidade de apoiar:

- Ás entidades locais sen ánimo de lucro na creación ou mantemento de actividades, fomento do deporte base, deporte para todos, organización de eventos deportivos, así coma na dotación de equipamentos das programacións que desenvolven en materia de deportes.
- A promoción dos deportes autóctonos, xa que o Concello de Arteixo considera relevante dentro das súas competencias de promoción do deporte, axudar a aquelas entidades que seguen mantendo o obxectivo de contribuír á divulgación, exhibición dos deportes autóctonos e tradicionais.

En base á súa finalidade distínguense cinco liñas de financiamento para entidades deportivas:

- 1) Programa de fomento do deporte federado en deportes de equipo (fútbol, baloncesto, balonmán, rugby, hockey...)
- 2) Programa de fomento do deporte federado en deportes individuais (natación, salvamento, triatlón, judo, patinaxe, tiro con arco, ciclismo, deportes de motor, atletismo, montañismo, surf...)
- 3) Programa de eventos deportivos.
- 4) Programa de fomento de programas de actividade física saudable.
- 5) Programa de deportes autóctonos.

As entidades deportivas poderán solicitar subvención para unha ou varias liñas de financiamento, sen límite de eventos e programas, co único requisito obrigatorio que reciban un mínimo do 30% da puntuación máxima establecida nos criterios de avaliación en cada un dos eventos deportivos ou programas de fomento de actividade física saudables.

2. Beneficiarios

- Entidades deportivas legalmente constituídas.
- Non poderán ser obxecto de axuda na presente convocatoria as actividades, talleres ou equipamentos subvencionados ou financiados no mesmo exercicio a través doutras convocatorias, convenios ou plans do Concello de Arteixo
- Quedan expresamente excluídas desta convocatoria:
 - As federacións deportivas.
 - Entidades deportivas que non teñan o domicilio social no Concello de Arteixo.

3. Crédito orzamentario

Para cada exercicio, será o que se verifique e aprobe na correspondente convocatoria.

4. Requisitos para solicitar a subvención.

4.1. Entidades deportivas legalmente constituídas que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar inscritas no Rexistro Municipal de asociacións no momento da solicitude.
- Carecer de fins de lucro.
- Ter o domicilio social no termo municipal de Arteixo. Terase en conta para determinar o domicilio social da entidade, o domicilio que figure nos estatutos da mesma.
- Para poder concorrer ao programa de Fomento de Deporte Federado as entidades deportivas deberán contar, como mínimo, co 50% dos deportistas empadroados en Arteixo que desenvolvan a súa actividade no termo municipal de Arteixo. No caso de non cumprir este requisito, poderán participar unicamente no resto dos programas (Programa de eventos deportivos e Programa de fomento de programas de actividade física saudable.)
- Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial do concello de Arteixo ou sobre temas de interese para o concello de Arteixo.
- Non ter pendente de xustificación ningunha subvención ou axuda perante o Concello de Arteixo para o mesmo obxecto para o que se solicita a nova subvención.
- Estar ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

5. Requisitos para solicitar a subvención de deportes Autóctonos legalmente inscritos na Federación Galega de Deportes Autóctonos.

Entidades deportivas legalmente constituídas que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar inscritas no Rexistro Municipal de asociacións no momento da solicitude.
- Carecer de fins de lucro.
- Ter o domicilio social no termo municipal de Arteixo. Terase en conta para determinar o domicilio social da entidade, o domicilio que figure nos estatutos da mesma.
- Para poder concorrer ao programa de Fomento de Deporte Federado, as entidades deportivas deberán contar como mínimo, co 50% dos deportistas empadroados en Arteixo que desenvolvan a súa actividade no termo municipal de Arteixo.
- Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial do concello de Arteixo ou sobre temas de interese para o concello de Arteixo.
- Non ter pendente de xustificación ningunha subvención ou axuda perante o Concello de Arteixo para o mesmo obxecto para o que se solicita a nova subvención.
- Estar ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

6. Obrigas dos beneficiarios en todos os programas.

- Os/as solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 e 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiario de subvención das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do referido artigo 10 da Lei 9/2007.
- Realizar a actividade deportiva subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude, deixando constancia do financiamento municipal en calquera actividade coa inclusión da imaxe corporativa municipal.
- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.
- Dar a axeitada publicidade ao financiamento municipal das actividades subvencionadas en calquera evento ou actividade relacionada coa entidade.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

7. Documentación a achegar, segundo modelos normalizados específicos na convocatoria anual en todos os programas.

En relación coa documentación xeral (estatutos, CIF) que xa obre en poder desta Administración actuante, o solicitante poderá omitir a súa presentación acolléndose ao establecido no artigo 28.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, indicando a continuación en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos, declarando responsablemente que os mesmos non teñen variado e no seu caso que manteñen a súa vixencia.

- As solicitudes formalizaranse nos modelos oficiais especificamente elaborados e cubertos en formato electrónico, é dicir, non manuscritos.
- Memoria explicativa da subvención solicitada que se axustará ao modelo normalizado que se achega no anexo citado.
- Orzamento detallado de ingresos e gastos para o ano correspondente, segundo modelo normalizado.
- Documento que acredite que o persoal técnico está dado de alta no réxime laboral axeitado (no caso en que se opte ao apartado “Estrutura Técnica”).
- Documentación que acredite axeitadamente a obtención de subvencións doutras administracións no ano anterior ao da convocatoria (nos casos en que se de esta circunstancia).
- Certificado asinado polo secretario/a da entidade coa relación nominal de todos os deportistas con licenza deportiva anual competitiva, indicando o DNI, coa finalidade de acreditar se a entidade cumpre o criterio de ter como mínimo o 50% de deportistas empadroados para poder concorrer no Programa de Fomento do Deporte Federado.
- Para poder concorrer no apartado “Estrutura Técnica”, dentro dos Programas 1 e 2: Fomento do Deporte Federado colectivo e individual, compre entregar cuberto o anexo “Estrutura Técnica” e achegar a documentación que acredite a titulación do persoal, e o contrato laboral ou documento que acredite que o persoal técnico está dado de alta no réxime laboral axeitado, así como o certificado de Vida Laboral.
- Declaración responsable de acharse desenvolvendo a actividade deportiva correspondente dentro do termo municipal de Arteixo, que se axustará ao modelo normalizado.
- Fotocopia dos estatutos da entidade, así como fotocopia da acta de constitución da actual xunta directiva (Só no suposto de telos cambiado ou ter nomeado nova directiva).
- Certificado expedido pola correspondente federación que se axustará ao modelo normalizado.
- Certificación orixinal do acordo de solicitude e do nomeamento de representante para as súas relacións co Concello (modelo oficial).
- Memoria das actividades desenvolvidas na tempada anterior á convocatoria.
- Certificación da inscrición no Rexistro de Asociacións de Galicia.
- Compromiso da entidade de facer constar a colaboración do Concello de Arteixo e a concellería de deportes en toda información que realice do desenvolvemento das actividades ou investimentos.
- Compromiso da entidade de promover entre os seus socios e inserir publicidade nas sedes ou locais sociais todas as actividades e eventos promovidos pola concellería de deportes.
- Certificación dos datos bancarios da entidade, pola entidade bancaria correspondente, e segundo o modelo oficial.
- Fotocopia do CIF da entidade.
- Declaración xurada de non estar incurso en causa de prohibición para obter axudas públicas de conformidade có artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.
- Calendario das ligas regulares nos deportes colectivos e os individuais que se desenvolvan no formato de liga.

A documentación a presentar polos solicitantes, agás que se dispoña outra cousa, terá que ser presentada en orixinais ou fotocopias compulsadas, e estar referida sempre como límite máximo á data de expiración do prazo de presentación de instancias.

Calquera eiva, erro ou ausencia na documentación requirida terá que ser emendada nun prazo máximo de dez días.

A comprobación da existencia de datos non axustados á realidade, tanto na solicitude coma na documentación achegada, poderá comportar, en función da súa importancia, a denegación da axuda ou subvención solicitada ou reintegro, sen prexuízo das restantes responsabilidades que se deducisen.

8. Prazo e lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello e na forma establecida na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo que se estableza na correspondente convocatoria anual.

9. Comisión avaliadora

A valoración das solicitudes e documentación achegada se efectuará por unha Comisión Avaliadora, formada por:

- Dous técnicos de Deportes.
- Un/unha concelleiro/a do Concello de Arteixo.

10. Gastos subvencionables e criterios de avaliación para todos os programas.

10.1. Gastos sufragables

Son aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo de execución establecido na presente convocatoria. Deberase acreditar fielmente no correspondente xustificante de gasto que este está directamente relacionado coa actividade subvencionada. A estes efectos só se poderán subvencionar os seguintes gastos:

- Licenzas federadas dos deportistas, co correspondente certificado federativo.
- Mutualidade, seguros de responsabilidade civil e accidentes, cos pertinentes certificados e facturas.
- Arbitraxes en competicións oficiais, con certificados ou facturas da federación.
- Transporte, por medio de facturas, acompañadas de calendario oficial de competicións. Serán admitidos os custos para desprazamentos para competicións e adestramentos federados e calendarizados que se realicen en vehículos particulares de responsables técnicos ou directivos do club. Calcularase o importe de ditos desprazamentos baseándose na seguinte fórmula (kms percorridos dende Arteixo á localidade correspondente multiplicado polo prezo por km que virá determinado pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, no seu apartado de "Asignacións para gastos de locomoción".
- As peaxes correspondentes das viaxes, acompañadas cos calendarios oficiais.
- Retribucións a persoal técnico, ou persoal necesario para o desenvolvemento das actividades (xuíces, nutricionistas, fisioterapeutas, especialistas, etc...) acreditaranse mediante facturas ou nóminas, só se admitirá o recibín cando reflecta a correspondente retención do IRPF, e a repercusión do IVE. En calquera caso deberán acompañarse do xustificante de ingreso do IRPF na Axencia Tributaria. As nóminas deben vir acompañadas do pertinente recibo bancario ou transferencia que certifique o seu pago.
- Gastos de recoñecemento previo, atención médica e fisioterapia.
- Custos por inscrición de equipos ou deportistas para participar en competicións oficiais federadas.
- Material deportivo funxible (non inventariable). As facturas presentadas deberán desagregar especificamente o material deportivo comprado. Non se admitirán facturas con conceptos xenéricos, nin facturas de roupa nun número reducido de unidades iguais (mínimo 6 de cada elemento) cando se trate de entidades deportivas, que a criterio da comisión avaliadora estime a súa improcedencia.
- Gastos de mantemento (alugueiro, luz, gas, auga, teléfono, consumibles de oficina. (non poderá superar o importe total do 20% do importe a xustificar).
- Gastos de manutención e hospedaxe correspondentes a calendarios de competición oficiais da correspondente federación deportiva, tomando como referencia o Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, indicado no seu anexo II (grupo 2).
- Gastos de asesorías laborais, xestores, ou plataformas de xestión para clubs ou entidades análogas.
- Gastos de publicidade e imprenta das actividades deportivas.
- Gastos de trofeos e medallas.
- Gastos en federacións deportivas (licenzas, canons de participación, seguros, arbitraxes e outros). Este tipo de gastos poderán ser xustificados a través de certificados emitidos polas federacións deportivas que recollan adecuadamente os datos fiscais das partes, as achegas económicas desagregadas, as retencións obrigatorias de ser o caso; e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base á eficacia administrativa do acto.

- Gastos en organización de eventos ou actividades (canons por organización, proxectos técnicos, retribucións ao persoal necesario para o desenvolvemento do evento ou actividade, debidamente acreditados, alugueiro ou compra de material, e calquera outro que se corresponda coa natureza do evento subvencionado).
- Gastos financeiros relativos aos pagos por transferencias bancarias relacionados co obxecto da subvención.
- Equipamento de primeiros auxilios e da caixa de urxencias.
- Premios económicos outorgados polo club en eventos organizados por este. (Só no programa eventos deportivos). En ditos premios debe de vir indicada a retención correspondente (premios menores ou igual a 300€ sen retención, resto 19% segundo se indica no artigo 101.7 da Lei do IRPF e no artigo 75.3.f do regulamento do IRPF).

10.2. Gastos non sufragables para todos os programas.

- Aqueles que non respondan á natureza da actividade subvencionada
- Entradas ou accesos a museos, teatros, cines, edificios históricos, exposicións, parques acuáticos, temáticos ou de atraccións, locais de lecer, ou a calquera espectáculo, atracción ou actividade de calquera natureza que non sexa a propia da subvención. Tampouco se admitirán aqueles pagos a terceiros pola realización ou participación en actividades diversas, como as que se adoitan encadrar no contexto de campamentos o convivencias de clubs (rutas a caballo, kayak, surf...), nin por alugueiro ou contratación de actuacións, animacións, cursos ou infraestrutura para levar a cabo estas actividades.
- Os que se realicen fóra do prazo de execución establecido na presente convocatoria.
- Os intereses debedores das contas bancarias.
- Intereses, recargas e sancións administrativas e / ou deportivas.
- Os gastos de procedementos xudiciais.

10.3. Criterios de Valoración

a) Criterios xerais

A concesión das subvencións corresponde, previo informe técnico, á Alcaldía – Presidencia.

O importe máximo susceptible de ser subvencionado polo Concello en cada actividade pode acadar ata o 80 % do custo total da mesma e non poderá ser superior ao importe solicitado pola entidade.

No suposto no que debido á aplicación dos criterios das bases, resultase unha cantidade superior á solicitada, esta diferenza non será distribuída noutro programa, nin a outra entidade dentro do mesmo programa, para non superar o importe solicitado pola entidade.

Esta subvención é compatible con outras axudas, de entidades públicas ou privadas. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas, supere o custo da actividade xustificada polo beneficiario.

b) Criterios específicos

A ponderación relativa atribuída a cada un dos criterios de valoración é a seguinte:

CRITERIOS ENTIDADES DEPORTIVAS	% RELATIVA
1. Programa de fomento do deporte federado colectivo.	32%
2. Programa de fomento do deporte federado individual.	48%
3. Programa de eventos deportivos.	5%
4. Programa de fomento de programas de actividade física saudable.	13,5%
5. Programa de Deportes Autóctonos	1,5%

Na convocatoria anual específica poderase modificar a distribución dos niveis porcentuais indicados se como consecuencia das solicitudes presentadas existise un maior número de proposicións económicas que se orientase en maior densidade a calquera dos programas deportivos encadrados nos criterios sinalados co obxecto de establecer unha distribución económica máis equitativa e igualitaria.

Programa de Deportes Autóctonos:

No programa de deportes autóctonos, 500 € será a cantidade máxima a outorgar para cada unha das entidades solicitantes.

11. Procedemento de avaliación de solicitudes

11.1. Valoración de entidades deportivas

Programa 1: Fomento do Deporte Federado (Máximo 100 puntos)

Este programa soamente se valorará a aquelas entidades que teñan polo menos un 50% dos seus deportistas con licenza deportiva anual, empadroados no concello de Arteixo. No caso de non cumprir este requisito e non alcanzar este 50% de empadroados, poderán concorrer aos outros 2 programas, pero non a este.

A ponderación atribuída a este criterio asignarase en base ao seguinte baremo en función dos seguintes criterios:

- A. Número de licencias federadas de deportistas con actividade regular en Arteixo de modalidades recoñecidas polo Consello Superior de Deportes (en adiante CSD), entendendo por licenza deportiva aquel documento emitido pola Federación deportiva Autonómica ou Estatal correspondente que habilita á participación en competicións deportivas, seguindo as condicións e requisitos que conteñen no artigo 7 do Real Decreto 1835/1991, de 20 de decembro, sobre Federacións Deportivas Españolas e Rexistro de Asociacións Deportivas. Máximo 50 puntos. A puntuación aplicarase outorgando acumulativamente:

TIPO DE LICENZA	PUNTOS
Licenza absoluta e anterior	1
Licenza veteranos	0,25
Licenza persoas con discapacidade	1,5
Licenza base	2
Licenza feminina. Agás nos seguintes deportes: ximnasia rítmica, patinaxe artístico.	2
Licenza masculina nos seguintes deportes: ximnasia rítmica, patinaxe artístico.	2
Licenza adestradora	2
Licenza adestrador	1

Sobre o total da puntuación obtida a partir da contabilización das licencias aplicarase un coeficiente en función da proporción do número de deportistas empadroados no concello na forma que se determina a continuación:

PORCENTAXE DE EMPADROADOS	COEFICIENTE A APLICAR
Entre 50 - 59,99 %	1,05
Entre 60 - 69,99%	1,30
Entre 70 - 79,99%	1,60
Entre 80 - 89,99%	1,90
Entre 90 - 100%	2,10

Á entidade deportiva de maior puntuación outorgaráselle 50 puntos como máximo e ao resto de entidades proporcionalmente.

Non se terán en conta como deportistas federados, aos que posúan licencias expedidas para a participación en cursos ou para actividades puntuais que non constitúan a actividade deportiva habitual e preferente de cada modalidade deportiva ou para probas federadas non competitivas ou non puntuables para campionatos federados oficiais.

Valorarase única e exclusivamente a través do certificado emitido pola federación correspondente. Soamente se computarán as licenzas de competición anuais, quedando expresamente excluídas as licenzas con denominación de día,

aficionadas, amateur, sociais, ou non competitivas, segundo a denominación que se estableza nas federacións correspondentes. Do mesmo xeito excluíranse as licenzas de carácter non anuais.

B. Adecuación das actuacións ao interese deportivo municipal e grado de representatividade do concello nas competicións nas que participe cada unha das diferentes categorías da entidade deportiva no suposto de deportes colectivos e os deportistas de deportes individuais cando participen baixo o nome do seu club, atendendo ao ámbito e nivel da competición, organizada pola federación deportiva española ou autonómica dos diferentes niveis existentes e o número de ligas de participación por clasificación e acceso, con ou sen requisito de participación. 20 puntos como máximo e ao resto de entidades proporcionalmente, atendendo ao seguinte baremo:

Considerarase o ámbito xeográfico de participación na competición regular (liga) nos deportes colectivos e individuais con formato de Liga, os desprazamentos definidos no calendario, é dicir, o nome da competición non definirá o seu ámbito xeográfico.

Nos deportes individuais sen formato de Liga regular considerarase o ámbito xeográfico en función do nome da competición, non do lugar onde se desenvolva dita competición.

Nivel de competición oficial federada	Modalidades individuais sen formato de Liga	Modalidades colectivas e individuais con formato de Liga por cada un dos equipos
Internacional	Ata 5 puntos(1-5 probas)	16 puntos
Nacional	Ata 3 puntos (1-5 probas)	8 puntos
Autonómica	Ata 1 puntos (1-5 probas)	4 puntos
Provincial	Ata 0,5 puntos (1-5 probas)	2 puntos
Comarcal	Ata 0,25 puntos (1-5 probas)	1 punto

Considerarase como modalidade colectiva aqueles deportes nos que se participa ou compete en equipo, entendendo como equipo a unión de máis de dous xogadores para acadar un mesmo obxectivo, realizando unha serie de accións regulamentadas en colaboración, cooperación e participación de todos, tratando de vencer a oposición dos contrarios ou adversarios que igualmente se organizan en equipo co mesmo fin. (baloncesto, balonmán, fútbol, rugby, hockei,...).

Considerarase como modalidade individual os seguintes deportes (natación, salvamento, triatlón, judo, patinaxe, tiro con arco, ciclismo, deportes de motor, atletismo, montañismo (escalada), surf, xadrez, esgrima, espeleoloxía,...)

C. Relevancia da modalidade. Tomarase como referencia o número de licencias federadas de cada modalidade deportiva, segundo a última publicación do CSD. Á modalidade deportiva de maior implantación outorgaráselle 5 puntos como máximo e ao resto proporcionalmente.

D. Estrutura técnica. Valorarase o volume de persoal técnico contratado, e a cualificación do mesmo. Para ser valorado este criterio, xunto á solicitude anexarase a documentación que acredite axeitadamente a titulación do persoal e contrato laboral ou documento que acredite que o persoal técnico está dado de alta no réxime laboral axeitado. Ademais, esta documentación virá acompañada da vida laboral da persoa contratada no formato axeitado no que pareza reflectido, o tipo de contrato da persoa traballadora, número de horas semanais ou porcentaxe ao respecto da xornada completa segundo o convenio laboral de aplicación e o nivel de contratación (monitora, coordinadora,...). Á entidade deportiva con maior puntuación outorgaráselle un máximo de 20 puntos e ao resto proporcionalmente, atendendo ao seguinte baremo:

- Título oficial específico da modalidade nivel III ou equivalente, ou título de Licenciado/Graduado en CCAFD: 1 punto por título e contrato
- Título oficial específico da modalidade Nivel II ou equivalente: 0,5 puntos por título e contrato
- Título oficial específico nivel I ou equivalente, ou título TSAFD: 0,25 puntos por título e contrato

Terase en conta o sumatorio das titulacións dos diferentes adestradores, nos casos en que coexista máis de un. Si un adestrador está en posesión de varios títulos, valoraráselle unicamente o de maior nivel e puntuación.

A puntuación de cada entidade realizarase a través da correlación entre o número de horas de contrato semanal de cada adestrador, e o nivel desta titulación, multiplicando este número de horas semanais, por 0,25, por 0,5, ou por 1, en función da titulación debidamente acreditada. A puntuación de cada entidade obtense da suma

de todos os puntos dos seus adestradores unha vez realizada esta correlación. Á entidade que obteña máis puntuación outorgaráselle 20 puntos, e ao resto de xeito proporcional.

E. Obtención de outras subvencións. Valorarase a obtención de subvencións de outras administracións públicas para o mesmo concepto no ano anterior á solicitude. Para ser valorado este criterio, xunto á solicitude anexarase a documentación que acredite axeitadamente a obtención da subvención. As entidades deportivas poderán acadar ata un máximo de 5 puntos, atendendo ao seguinte baremo:

- Subvención da Xunta de Galicia: 2,5 puntos máximo
- Subvención da Deputación de A Coruña: 2,5 puntos máximo

Programa 2: Celebración de eventos deportivos (Máximo 100 puntos)

Terá a consideración de evento deportivo os seguintes modelos de eventos:

1. Campionato galego/nacional ou internacional da modalidade deportiva correspondente.
2. Fases finais das competicións federadas de carácter provincial, autonómico, nacional ou internacional.
3. Eventos de carácter formativo ou de especialización técnica sempre e cando estean dentro do calendario federativo.
4. Eventos ou torneos nos que participen equipos ou clubs de relevancia tanto a nivel autonómico como nacional ou internacional da modalidade deportiva correspondente.
5. Eventos ou torneos no que actúen un número relevante de deportistas (>50) e ou máis de 5 clubs.
6. Eventos que poñan en valor a riqueza natural do Concello de Arteixo.

A ponderación atribuída a este criterio asignarase en base ao seguinte baremo en función dos seguintes criterios:

- Proxecto técnico da actividade programada: Ata 50 puntos.
 - Descrición. Ata 10 puntos
 - Estrutura Técnica necesaria para desenvolver o evento. Ata 10 puntos.
 - Número de participantes. Ata 10 puntos.
 - Número de categorías que participan no evento. Ata 10 puntos.
 - Duración en tempo do evento (1día, 2 días, 3 días...). Ata 10 puntos.
- Traxectoria da actividade e grao de consolidación no sistema deportivo local. Ata 10 puntos. Valorarase tanto o número de edicións da proba como os anos de existencia do club en Arteixo.
- Orzamento. Terase en conta a relación existente entre a subvención solicitada e o orzamento de gastos presentado. Tomarase como referencia a achega económica propia que debe facer cada entidade para cubrir o seu proxecto. Á entidade con maior achega económica (menor cociente) outorgaráselle 20 puntos e ao resto proporcionalmente. Só se computarán en este apartado as solicitudes que anexen unha declaración responsable asumindo expresamente a contribución de dita porcentaxe.
- Interese da actividade para o sistema deportivo local. Ata 20 puntos
Valorarase o interese para o sistema deportivo local, en función dos fins e necesidades que o Concello de Arteixo considera para o mesmo e tendo en conta a interacción da entidade solicitante e o impacto sobre a xestión do mesmo:
 - Campionato galego/nacional ou internacional da modalidade deportiva:
 - Campionato galego: 2 puntos por categoría.
 - Campionato nacional: 3 puntos por categoría.
 - Campionato internacional: 5 puntos por categoría.
 - Fases finais das competicións federadas:
 - Fase final provincial: 1 punto por categoría
 - Fase final autonómica: 3 puntos por categoría.
 - Fase final nacional: 4 puntos por categoría.
 - Fase final internacional: 6 puntos por categoría.

- Eventos de carácter formativo ou de especialización sempre e cando estean dentro do calendario federativo. 3 puntos por evento.
- Eventos que poñan en valor a riqueza natural do Concello de Arteixo. 4 puntos por evento.
- Eventos ou torneos no que actúen un número relevante de deportistas:
 - (50-75) 1 punto por evento.
 - (76-100) 2 puntos.
 - (101-125) 3 puntos.
 - (126-200) 4 puntos
 - (201 en diante) 5 puntos.
 - 6-8 clubs participantes 3 puntos.
 - 9-11 clubs participantes 4 puntos.
 - 12 o máis 5 puntos.

Sobre os puntos acadados para cada evento en cada criterio, aplicarase un coeficiente para todos aqueles eventos que superen un presuposto de gasto de 25.000€, de xeito que para todos aqueles eventos que teñan uns gastos que superen o importe de 25.000€ o coeficiente a aplicar será o que se reflicta na seguinte táboa, en función do ámbito do evento.

ÁMBITO DO EVENTO	COEFICIENTE A APLICAR
Campionato de España	2,5
Campionato Galego	1,25
Campionato Provincial	1,15

Programa 3: Fomento de programas de actividade física saudable (Máximo 100 puntos)

Defínense este tipo de programas aos que teñen como obxectivo prioritario crear as condicións para que a poboación goce dunha vida máis activa, que permita conservar a saúde e a autonomía persoal, gozar de maior benestar e calidade de vida, e previr e reducir a presenza de enfermidades relacionadas co sedentarismo, desde a infancia ata a vellez. Valorarase neste apartado a creación, dirección técnica, organización, e desenvolvemento das Escolas Deportivas da modalidade específica que corresponda durante o curso escolar e/ou a súa continuidade no período estival. Tamén se valorará a execución de campus deportivos, ou programas deportivos que terán como principal obxectivo a promoción do deporte con fins educativos, lúdicos e sociais. O persoal docente destes programas deberá ser contratado e remunerado polo Club, na forma que legalmente está establecida (facturas, nóminas ou recibos coa correspondente retención do IRPF), de quen dependerá, o cal fixará ademais o programa de ensinanza e réxime interior.

O club estará obrigado a que o persoal e monitor encargados de planificar, executar e impartir estes programas se atope en posesión da cualificación necesaria que deberá acreditarse por medio de titulación académica (Licenciatura ou Grao en Ciencias da Actividade Física e o Deporte, Maxisterio con especialidade ou mención en Educación Física, calquera dos ciclos formativos de animación de actividades físicas e deportivas-animación socio-deportiva ou acondicionamento físico ou Ciclo Medio en actividades no medio natural) ou titulación deportiva específica á modalidade deportiva de referencia. O club tamén ten a obriga de xustificar as retribucións deste monitor. As cotas a satisfacer polas persoas participantes destas escolas deportivas deberán ser similares aos prezos públicos estipulados na ordenanza fiscal correspondente, e deberán de xustificarse na fase de xustificación das subvencións mediante facturas, nóminas e os xustificantes de pago dos seus emolumentos.

A ponderación atribuída a este criterio asignarase en base ao seguinte baremo en función dos seguintes criterios:

- Proxecto técnico da actividade programada. Ata 50 puntos
 - Descrición: Obxectivos xerais, específicos e actividades planificadas. Ata 5 puntos
 - Estrutura Técnica necesaria para desenvolver o programa. Ata 10 puntos.
 - Desenvolvemento. Duración en días e xornadas (horas da actividade cada día) do programa. Ata 15 puntos.
 - Número de participantes. Ata 10 puntos
 - Franxa de idades a quen vai dirixida. Ata 10 puntos.

- Traxectoria da actividade e grao de consolidación no sistema deportivo local. Ata 10 puntos. Antigüidade da presenza do club dentro do tecido deportivo municipal.
- Orzamento. Terase en conta a relación existente entre a subvención solicitada e o orzamento de gastos presentado. Tomarase como referencia a achega económica propia que debe facer cada entidade para cubrir o seu proxecto. Á entidade con maior achega económica (menor cociente) outorgaráselle 20 puntos e ao resto proporcionalmente. Só se computarán en este apartado as solicitudes que axunten unha declaración responsable asumindo expresamente a achega de dita porcentaxe.
- Interese da actividade para o sistema deportivo local. Valorarase o interese para o sistema deportivo local, en función dos fins e necesidades que o Concello de Arteixo considera para o mesmo e tendo en conta a interacción da entidade solicitante e o impacto sobre a xestión do mesmo. Ata 20 puntos.

12. Contía individualizada das subvencións

O importe total máximo destinado a estas subvencións distribuírase entre todas as entidades deportivas que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiario, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, en función da puntuación acadada no proceso de avaliación que se realizará de acordo cos criterios previstos no apartado anterior.

O importe total da convocatoria distribuírase entre a suma total dos importes dos diferentes criterios acadados pola totalidade das solicitudes admitidas, obtendo desta forma o valor unitario do punto en cada un dos criterios. A subvención para cada entidade calcularase multiplicando o valor unitario do punto polos puntos obtidos en cada caso.

No caso de que algún criterio dos distintos programas quede deserto, poderase destinar a cantidade correspondente de ese criterio ao crédito total do programa.

13. Deportes autóctonos

Defínense este tipo de programas aos que teñen como obxectivo prioritario a promoción dos deportes autóctonos (chave, birlos, billarda,...) para que seguen mantendo o obxectivo de contribuír á divulgación e a exhibición dos deportes autóctonos e tradicionais.

A ponderación atribuída a este criterio asignarase en base ao seguinte baremo en función dos seguintes criterios:

Número de partidos previstos no calendario oficial e ámbito xeográfico.

Considerarase o ámbito xeográfico de participación na competición regular con formato de Liga, os desprazamentos definidos no calendario, é dicir, o nome da competición non definirá o seu ámbito xeográfico.

Comarcal: 1 punto por xornada.

Provincial: 2 puntos por xornada.

Autonómico: 4 puntos por xornada.

Número de licenzas e tipo:

TIPO DE LICENZA	PUNTOS
Licenza masculina.	1
Licenza feminina.	2

Sobre o total da puntuación obtida a partir da contabilización dos baremos establecidos de entre todas as entidades, dividirse a cantidade establecida para dito programa entre eses puntos totais dando un valor por punto, o cal multiplicarase polos puntos acadados por cada unha das entidades, non podendo superar a subvención dos 500€ para cada unha delas.

14. Acordo de concesión e notificación.

Elaborada a proposta de concesión pola comisión técnica, darase traslado á Intervención a efectos da súa fiscalización previo acordo de concesión.

O acordo de concesión, deberase notificar expresamente a todos os solicitantes de forma fidedigna no prazo máximo de 2 meses contados a partir da data de resolución do programa, e será exposta ao público nos taboleiros de anuncios do concello.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

En ningún suposto concederáse unha subvención por unha contía superior ao importe solicitado pola entidade en calquera dos diferentes programas.

15. Obrigas dos beneficiarios

Os beneficiarios, unha vez aceptada a subvención, están obrigados a:

a) Realizar as actividades propostas. Os cambios deberán comunicarse previamente á súa xustificación para seren admitidos. Se os cambios provocan un presuposto superior ou igual ao presuposto inicial, manterase o coeficiente de financiamento, o importe da subvención e o presuposto subvencionado; se o presuposto é inferior ao inicial, deberá determinarse un novo coeficiente de financiamento, novo importe e novo presuposto subvencionado, que serán inferiores ao inicialmente establecido.

b) Presentar as contas xustificativas e destinar as axudas aos fins para os que se concederon e acreditar perante o Concello o cumprimento da finalidade proposta. No suposto da liña de eventos deportivos, esta acreditación realizarase, ademais de coa xustificación documental pertinente, coa presentación de 2 carteis anunciadores ou outra información escrita.

c) Comunicarlle ao Concello a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade que procedan doutras administracións e/ou entes públicos ou privados.

d) Facer constar explicitamente na totalidade da publicidade e/ou actividade informativa que se realice por calquera medio (impreso ou non) que conta con subvención do Concello de Arteixo. En todos os programas subvencionados que leven difusión ou publicación (dípticos, carteis, impresos, anuncios, placas conmemorativas, soportes electrónicos e audiovisuais, vídeo-marcadores,...) farase constar o logotipo do Concello de Arteixo segundo as especificacións de imaxe corporativa que figuran na web do concello, e nas mesmas condicións de visibilidade que o resto de logotipos. En todo caso, nos espazos que utilice a entidade e nos lugares de realización das actividades, informarase do financiamento público do Concello a través dun cartel tamaño mínimo A3 nun lugar destacado e visible. Tanto as entidades deportivas como os deportistas individuais terán a obriga de portar no lugar que corresponda das prendas deportivas de competición os logotipos do Concello e do Servizo Municipal de Deportes, de tamaño polo menos equivalente ao logotipo dos seus patrocinadores principais. Asemade, no caso de dispoñer de páxina web ou redes sociais, deberase facer constar que reciben unha axuda municipal e colocarán o logotipo municipal na publicación, facendo mención de que se atopan subvencionados polo Concello de Arteixo.

e) Colaborar cos departamentos municipais nos actos para os que sexan requiridos.

f) Divulgar a programación deportiva municipal nos seus locais, páxinas web, redes sociais, Vídeo-Marcadores,.. entre os seus asociados, e entre a poboación en xeral, sempre dentro da capacidade que lle permitan os seus medios.

g) As entidades beneficiarias deberán levar a contabilidade segundo a normativa que lles resulte aplicable, de xeito que quede garantido o rexistro dos gastos subvencionables e de todos os ingresos obtidos, diferenciando entre os recursos xerais e os afectados especificamente ao financiamento do programa subvencionado.

16. Xustificación e pagamento

16.1. Prazo de xustificación

O prazo de presentación dos xustificantes especificarase en cada convocatoria anual, se ben antes de rematar o prazo, poderá ampliarse por solicitude do interesado ou por proposta razoada da unidade xestora. No caso de que o interesado solicite unha prórroga téñense que razoar os motivos e realizarse por escrito antes da data sinalada.

De non presentarse a xustificación dentro de prazo (inicial ou prorrogado), por resolución da Presidencia iniciarase expediente de anulación do correspondente compromiso. A resolución final notificaráselle á entidade e á Intervención Municipal para a súa constancia contable.

En calquera caso, o 31 de decembro de cada ano, anularanse automaticamente todas as axudas pendentes de xustificación ou sen concesión de prórroga.

Este Concello reserva o dereito de comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta, quedando o beneficiario obrigado a facilitar canta información sexa requirida polo servizo xestor para a Intervención Municipal.

16.2. Consideracións xerais

Debido ás características dos destinatarios e a natureza obxecto das subvencións, o pago das mesmas será anticipado, supoñendo entrega de fondos con carácter previo e aboaranse do xeito seguinte: unha vez publicada a resolución da concesión da subvención, realizarase un anticipo do 50% do total concedido. Unha vez xustificada a subvención debidamente, realizarase o pago do 50% restante.

Unha vez sexa comunicada a resolución para actividades deportivas por concorrencia competitiva, só será posible renunciar á totalidade ou a unha parte da mesma nun intervalo de tempo non superior a 5 días hábiles. No suposto de non telo feito, entenderase que poderán xustificar o 100% do indicado na resolución.

O orzamento subvencionado a xustificar será o importe da subvención concedida, aplicando un coeficiente de financiamento do 0,8. Dividirase o importe concedido entre 0,8.

No caso de ter outras subvencións ou ingresos propios para o mesmo obxecto que, en concorrencia coa subvención do Concello de Arteixo, teñan un importe superior á cantidade resultante do cálculo anterior, o orzamento subvencionado para xustificar será a suma das subvencións e ingresos.

O gasto xustificado documentalmente deberá acadar polo menos, o importe do presuposto total a xustificar.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, en todo caso a obtención concorrente de subvención doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

O importe das subvencións concedidas en ningún caso poderá ser de tal contía que en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións públicas ou entidades privadas supere o custo da actividade que desempeñe o beneficiario.

16.3. Documentación xustificativa

A conta xustificativa se presentará no Rexistro Xeral do Concello con destino ao servizo de Deportes, e deberá respectar o contido mínimo que marca o artigo 75 do RD 887/2006, Regulamento de Subvencións, polo que deberá incluír:

- Memoria das actuacións xustificativas. Segundo modelo normalizado.
- Memoria económica, coa relación de gastos, e a certificación doutras axudas ou subvencións percibidas para a mesma finalidade. Tamén carta de pago en caso de reintegro de sobrantes, no seu caso.
- Admitiranse facturas que comprendan de setembro do ano anterior a xuño do ano en curso (tempada con competición oficial), nos supostos en que os calendarios de competición das diferentes modalidades comprendan ese período. Ademais admitiranse facturas que comprendan o ano natural dende o 1 de xaneiro ata o 30 novembro do ano en curso (tempada con competición oficial). Esta norma regula exclusivamente o Programa 1 e 2.
- Admitiranse facturas de un só programa para xustificar o montante global da subvención e deben de ser escaneadas e presentadas nun só PDF pola propia entidade obrigatoriamente. Do mesmo xeito que o que o resto da documentación xustificativa.
- Achegaranse orixinais ou copias cotexadas das facturas vinculadas á tempada actual, recibos, nóminas e demais documentos de valor probatorio, polos conceptos incluídos no orzamento inicial e polo importe mínimo sinalado na notificación da subvención. Cando se faga unha xustificación con transferencia bancaria, terá que relacionarse a factura coa correspondente transferencia, así como a cantidade da mesma que está xustificando. Estes documentos ademais están suxeitos ás seguintes normas:
 - a) Non se admitirán facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde.
 - b) O importe que se xustifique en concepto de gastos de mantemento (alugueiro, luz, gas, auga, teléfono, consumibles de oficina, etc.) non poderá superar o 20% do importe total do presuposto a xustificar.
 - c) Os gastos de persoal acreditaranse, con carácter xeral, mediante facturas ou nóminas. Estas deben acompañarse da documentación que certifique o seu pago (recibos, transferencias bancarias...) Só se admitirá recibín cando reflecta a correspondente retención do IRPF e a repercusión do IVE. En calquera caso, deberán acompañarse do xustificante de ingreso do IRPF na Axencia Tributaria.
 - d) As facturas só poderán ser substituídas por outros documentos cando así o admita o artigo 4 do RD 1496/2003, Regulamento de Facturación.
 - e) Admitiranse pagos en efectivo por importes de ata 300 €. No caso que o pago de un servizo estea fraccionado en varios pagos, o límite de 300 € entenderase para o conxunto dos correspondentes ao servizo. Cando se xustifiquen estes pagos en efectivo, deben estar debidamente acreditados mediante o selo da empresa, certificado ou calquera outro que acredite o pago deses gastos.
 - f) Admitiranse como gasto os premios económicos outorgados polo club en eventos organizados por este. Só na liña do programa de eventos deportivos. En ditos premios debe de vir indicada a retención correspondente (premios menores ou igual a 300€ sen retención, resto 19% segundo se indica no artigo 101.7 da Lei do IRPF e no artigo 75.3.f do regulamento do IRPF).

- g) Os servizos contratados que se facturen de forma periódica (asesoría, teléfono, alugueiro dun local...) deberán pagarse por transferencia bancaria, aínda que o importe periódico que se facture e abone, por exemplo mensualmente, non supere os 300€.

16.4. Tramitación da xustificación

Á vista da documentación xustificativa presentada, logo dos informes do Servizo Municipal de Deportes e do Servizo de Intervención, a Xunta de Goberno, aprobará as contas xustificativas e procederase ao pagamento da subvención.

No caso de que a documentación xustificativa fora incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección. De non cumprirse este requisito dentro do prazo sinalado, e sempre que se acredite o cumprimento da finalidade, o importe da subvención reducirase proporcionalmente aos gastos xustificados correctamente, aplicando o coeficiente de financiamento.

Pasado dito prazo, en caso de non achegar a documentación requirida, arquivarase o expediente e anularase a subvención.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención e pagamento dela, terase en conta o seguinte:

- a) No caso de que se xustifique gasto polo 100% do presuposto a xustificar, aboarase a totalidade da subvención.
- b) No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100% e, a lo menos do 50% do presuposto a xustificar, aboarase a parte proporcional da subvención.
- c) No caso de que se xustifique gasto inferior ao 50% do presuposto total a xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, consonte co que non se aboará cantidade ningunha, e o beneficiario deberá devolver a cantidade que recibiu anticipadamente.

17. Infraccións e sancións (Aprobación definitiva da Ordenanza municipal nº 26 reguladora da concesión de subvencións municipais do Concello de Arteixo)

a) Infraccións: Constitúen infraccións administrativas as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, artigos 56 a 58, e serán sancionadas incluso a título de simple negligencia. Serán responsables as persoas físicas ou xurídicas públicas ou privadas, que por acción u omisión incorran nos supostos tipificados como infraccións nesta lei. As accións ou omisións tipificadas nesta lei non darán lugar a responsabilidade nos seguintes supostos:

- a) Cando se realicen por quen careza de capacidade de obrar.
- b) Cando concorra forza maior.
- c) Cando deriven dunha decisión colectiva, para quen tiveran salvado o seu voto ou non tiveran asistido á reunión na que se tomou aquela.

As infraccións leves, graves e moi graves, serán as tipificadas nos artigos 56 a 58 da Lei 38/2003; e as sancións por infracción leve, grave e moi grave serán as establecidas nos artigos 61 a 63 da citada norma.

As infraccións prescribirán ao cabo de catro anos dende o día en que se tivera cometido.

O procedemento sancionador é o regulado no RD 1398/1993, de 4 de agosto que aproba o Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Ao vencemento do prazo de xustificación sinalado nas bases, sen que a entidade presentase a documentación xustificativa, a unidade xestora requirirá para que a presente no prazo improrrogable de 15 días dende a notificación, carrexando a xustificación neste caso unha sanción do 10% do importe da subvención, co límite de 150 €.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a renuncia á subvención outorgada, sen prexuízo das responsabilidades dispostas na Lei xeral de subvencións.

Aplicarase a compensación para o cobramento da sanción, agás que a entidade sancionada formule a oposición á sanción ata que se resolva o recurso.

No caso do incumprimento da obriga da publicidade institucional reflectida no punto 13.d de estas bases reguladoras, aplicarase unha sanción de ata o 30% do importe da subvención.

Arteixo a 1 de marzo de 2023
O Alcalde-Presidente
Asdo. Carlos Calvelo Martínez

2023/1484